

## **SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUNHA LISTAXE DE PERSOAS CANDIDATAS PARA A PROVISIÓN INTERINA OU TEMPORAL DE TRABALLADOR SOCIAL (2022/E001/000014).**

Reunido o Tribunal do proceso selectivo para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de traballador social, en data 18/11/2022, en sesión telemática, para a resolución das reclamacións presentadas contra das valoracións provisionais resultantes da realización do primeiro exercicio da fase de oposición, logo do prazo conferido ao efecto.

No prazo de reclamacións, téñense presentado alegación por parte de tres aspirantes, contra diversas cuestións da corrección:

- 1.- En data 13/11/2022, preséntase unha reclamación en desconformidade coas preguntas nº 20, 28 e 30.
- 2.- En data 14/11/2022, preséntase reclamación en desconformidade co reconto de acertos, que figura como 30 acertos no anuncio, e indica que debera ser 31.
- 3.- En data 15/11/2022, preséntase reclamación en desconformidade coa pregunta nº 25.

O Tribunal procedeu a examinar, unha por unha, as alegacións formuladas.

### **A) Pregunta nº 20:**

Alega a aspirante:

<<La pregunta "20.- Según la Orden de 22 de enero de 2009 por la que se regula el servicio de ayuda a domicilio, es causa de extinción del servicio: a) La ausencia temporal del domicilio por un período de 1 mes b) La falta reiterada del pago del servicio c) El cambio do programa individual de atención o del proyecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso prestación del servicio."

Según el Artículo 8º de la Orden de 22 enero, hay dos respuestas correctas en la pregunta 20 que pueden ser correctas, la B y C.

Según el artículo 8, punto B y F. 1. Son causas de extinción del servicio de ayuda a domicilio, las siguientes:

- a) La renuncia de la persona usuaria.
- b) El cambio de programa individual de atención o del proyecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso y su incompatibilidad con el servicio de ayuda a domicilio.
- c) Traslado definitivo de su residencia a otro municipio.
- d) Fallecimiento de la persona usuaria.
- e) Incumplimiento reiterado de los deberes y obligaciones establecidas para las personas usuarias en la prestación del servicio.
- f) La falta reiterada de pago del servicio.
- g) Desaparición de las causas que motivaron la prestación del servicio.>>

Falta, na resposta c), o inciso <<y su incompatibilidad con el servicio de ayuda a domicilio>>, que se configura como un requisito para que a causa contemplada no art. 8, letra b) sexa de aplicación. Además, a interesada copia mal a resposta c) do exercicio, pois a mesma, literalmente, di: <<c) el cambio do programa individual de atención o del proyecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso>>, sen esa mención <<prestación del servicio>> que sinala no alegato. Polo que a resposta c) non é correcta, pois non está condicionada a que o cambio de programa ou de proxecto implique un cambio de asignación do recurso que sexa incompatible co servizo.

### **B) Pregunta nº 25:**

Considera que a resposta é a C. No artigo 6 "obrigas das entidades prestadoras de Servizos Sociais" só se atopa no seu punto d), a resposta b que dí "estar suxeitas ás potestades inspectora e sancionadora da Consellería con competencias en materia de Servizos Sociais". Solicita anulacion ou modificación das respostas correctas sinaladas na plantilla de respostas publicada.

O artigo 6 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia dí literalmente o comezo do artigo que “as entidades prestadores de Servizos Sociais, inscritas no Rexistro único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais están obrigadas a...” así como no seu punto d) estar suxeitas ás potestades inspectora e sancionadora da Consellería con competencias en materia de servizos sociais.

Así mesmo o artigo 8 do mesmo Decreto dí literalmente que “as entidades prestadoras de Servizos Sociais que perciban ou pretendan acceder á financiación pública pola prestación de Servizos Sociais, ademais de cumprir cos deberes sinalados nos artigos 6 e 7, deberán: a) inscribirse, con carácter previo ó inicio das súas actividades, no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais”.

Polo tanto ambas as dúas son válidas sendo a correcta a C. Por todo o indicado, non procede estimar a impugnación realizada e debe manterse a pregunta, tanto na súa formulación como na súa resposta, como correctas.

### **C) Pregunta nº 28:**

Argumento da impugnación: Hai 2 respostas válidas, a opción A e B, segundo o artíduco 11 do Decreto de conformidade co establecido co artigo 12 da Lei 10/2013, de 27 de novembro. Solicita anulación da pregunta.

Non pode ser válida a resposta A. O artigo 11 do Decreto 14/2019 que desenvolve a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia di literalmente “Ter residencia efectiva e constatada pola traballadora ou traballador social de referencia dos Servizos Sociais comunitarios responsables de desenvolver as acción que se deseñen no correspondente proxecto de integración social E estar empadroad/a en calquera dos Concellos da Comunidade Autónoma Galega, Ó MENOS durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración da Risga... ou sexa que a resposta A non pode ser porque non se acredita o empadramento ó menos durante os 6 meses anteriores á presentación da solicitude, polo que a única opción é a resposta B.

Por todo o indicado, non procede estimar a impugnación realizada e debe manterse a pregunta, tanto na súa formulación como na súa resposta, como correctas.

### **D) Pregunta nº 30:**

Argumento da impugnación: Hai 2 respostas válidas, a opción A e B, segundo o articulo 8 do Decreto no que se indica o tramo de inserción. Solicita anulación da pregunta.

Non pode ser admitida como válida a resposta A, dado que a mesma non corresponde a definición do tramo de inserción senón que corresponde a definición do tramo de transición ó emprego (art. 9 do Decreto 96/2014 2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia) que dí literalmente “poderanse beneficiar do tramo de transición ó emprego as persoas beneficiarias da renda no tramo persoal e familiar e/ou no tramo de inserción co obxectivo de incentivar e facilitar o seu acceso a un emprego mediante o pago de un complemento de transición, en merma gradual e progresiva...” polo que a única opción é a resposta B. Por todo o indicado, non procede estimar a impugnación realizada e debe manterse a pregunta, tanto na súa formulación como na súa resposta, como correctas.

### **E) Reconto do exercicio da aspirante que indica terse mal recontado o exercicio.**

Examinado o exercicio, e recontado novamente, por dúas ocasións polo Secretario antes da reunión, e novamente polos membros do Tribunal na sesión de hoxe, á vista da plantilla de corrección publicada, o exercicio ten un total de 30 acertos, polo que non existe erro algún no reconto inicialmente realizado.

Polo que o Tribunal acorda desestimar todas as reclamacións presentadas, publicándose a resolución das mesmas, anonimizada, no Taboleiro de Edictos, de xeito que se manteñen os resultados publicados como provisionais no seu día:

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/E001/000014

Código	Identidade	Acertos	Nota
CPU123	ANTIQUERA PEREZ, BEATRIZ	32	8
CPU456	CAAMAÑO REY, CARMEN MARIA	27	6,75
CPU789	CABANA GONZALEZ, OSCAR	31	7,75
XAZ123	COUTO MAROÑO, LETICIA MARIA	19	NON APTA
MAD789	DOVAL ALVAREZ, NATALIA	31	7,75
MAD456	ESTEVEZ BARROS, ADRIANA	25	6,25
AMB789	FERREIRO CANCELA, DIEGO	33	8,25
MAD123	GANTES CABAÑO, LAURA	30	7,5
AMP456	GONZALEZ FAFIAN, IRIA	32	8
XYZ456	HERNANDEZ MOURIÑO ANDRES BIEITO	29	7,25
XYZ789	HERNANDO MARTINEZ, PAULA	30	7,5
AMP123	LEMA CARBALLO, MARIA SORAYA	23	5,75
XYZ123	LODEIRO IÑIGUEZ, LUCIA	30	7,5
RST789	LOPEZ VILAR LORENA	31	7,75
RST456	MARTINEZ LAGO, PATRICIA	27	6,75
RST123	MOREIRA MIRANDA MARIA AZUCENA	32	8
OPQ456	NAVARRERE ALARCON, VERONICA	36	9
OPQ123	OCAMPO GONZALEZ ROSA MARIA	29	7,25
MNÑ123	OTELLO VAAMONDE, MARIA JOSE	30	7,5
MNÑ456	PALACIOS PEREZ, SARA MARIA	33	8,25
GHI789	PAZ RODRIGUEZ-NAVAL, BEATRIZ	28	7
JKL123	PENIN GESTAL, ANA	32	8
JKL789	PEREIRA BARCIA, MARIA	35	8,75
JKL456	RIAL MOURE, ALBA	31	7,75
GHI456	RIVAS NOGUEIRA, GRACIELA	35	8,75
GHI123	RODRIGUEZ RAMA, DIANA	36	9
DEF789	SANTOS DIAZ, CRISTINA	30	7,5
ABC456	TAJES FERNANDEZ, MANUELA	25	6,25
DEF456	VARELA SANDE, PATRICIA	23	5,75
DEF123	VAZQUEZ SUAREZ, UXIA	28	7
ABC789	VEGA VAZQUEZ, BEATRIZ	29	7,25
ABC123	VERDES MARTINEZ, AINARA	19	NON APTA

O Tribunal ten decidido, asimesmo, **que o segundo exercicio da fase de oposición terá lugar o vindeiro xoves 24/11//2022, ás 10:30 horas, nas dependencias do Auditorio do Centro municipal de formación Fórum Carballo, sito na R/Xílgaro, s/n, en Carballo.** O Tribunal reunirase ás 09:00 horas, no propio edificio Fórum, para a confección do exercicio práctico.

Insírase o presente anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, e na web municipal.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Carlos Collazo Martínez